



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Normativa e Lexislación	Código	771G01035	
Titulación	Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoEmpresa			
Coordinación	Martinez Carballo, Manuel	Correo electrónico	manuel.martinez.carballo@udc.es	
Profesorado	Arevano Fuentes, M ^a de la Cruz	Correo electrónico	m.arevano@udc.es	
	Martinez Carballo, Manuel		manuel.martinez.carballo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Consulte la guía en CASTELLANO.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Aplicar o coñecemento das diferentes áreas involucradas no Plano Formativo.
A4	Traballar de forma efectiva como individuo e como membro de equipos diversos e multidisciplinares.
A10	Comprensión das responsabilidades éticas e sociais derivadas da súa actividade profesional.
B1	Capacidade de comunicación oral e escrita de maneira efectiva con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo para cuestionar a realidade, buscar e propoñer solucións innovadoras a nivel formal, funcional e técnico.
B11	Capacidade de análise e síntese.
B12	Comprensión das responsabilidades éticas e sociais derivadas da súa actividade profesional
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C6	Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os resultados da aprendizaxe desta materia permiten a adquisición das seguintes competencias.	A1	B1	C4
	A4	B2	C6
	A10	B11	C7
		B12	C8

Contidos	
Temas	Subtemas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A1 A10 B12 C4 C6 C7	21	42	63
Obradoiro	A4 B1 B2 B11 C6 C8	21	30	51
Traballos tutelados	B1 C8 C6	0	34	34
Proba de resposta múltiple	A1 B1 B11	2	0	2
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é coñecida tamén como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Obradoiro	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
	A atención personalizada consistirá básicamente na realización de tutorías, tanto individuais como en grupo, para resolver e aclarar calquera tipo de dúbida relacionada coa materia e a realización dos traballos tutelados.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A1 B1 B11		75
Obradoiro	A4 B1 B2 B11 C6 C8		0
Traballos tutelados	B1 C8 C6		25
Presentación oral	A1 A10 B12 C4 C6 C7		0

Observacións avaliación

Esta materia é responsabilidade de dous departamentos (Departamento de Empresa e Departamento de Dereito Privado). O profesorado implicado de cada un destes dous departamentos imparte unha parte do contido desta materia e a avaliación será independente para cada unha das partes, sendo a cualificación final da materia a media das dúas partes, sempre e cando se teña superado cada parte por separado.

Na avaliación do 25% correspondente ao traballo tutelado tamén se terá en conta a participación activa nas clases presenciais, salvo no caso do alumnado con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. Por outra banda, este 25% do traballo tutelado só se terá en conta se se superou a proba de resposta múltiple correspondente.

Con todo, e a pesar do mencionado anteriormente, na presentación da materia ao comezo do cuadrimestre correspondente, pódese establecer unha repartición porcentual distinta ao planificado entre todas as metodoloxías.

Fontes de información

Bibliografía básica	Bibliografía básica: Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade (https://www.boe.es/eli/es/l/1988/11/11/34/con) Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal (https://www.boe.es/eli/es/l/1991/01/10/3/con) Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias (https://www.boe.es/eli/es/rdlg/2007/11/16/1/con) Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (https://www.boe.es/eli/es/rdlg/1996/04/12/1/con) O profesorado da materia poderá proporcionar bibliografía complementaria para cada un dos temas da materia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Económicos e Empresariais do Deseño/771G01033

Administración e Organización Industrial/771G01034

Xestión da Innovación e do Deseño/771G01043

Xestión da Calidade/771G01044

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Loxística Industrial/771G01045

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías